**O CONCELLO DE PORTO DO SON VAI DESENVOLVER NO MES DE AGOSTO UNHA NOVA ACCIÓN FORMATIVA NO ÁMBITO DO COOPERATIVISMO.**

**Esta acción formativa, gratuíta e de 20 horas de duración, é puntuable para o baremo de marisqueo a pé (PERMEX).**

O Concello de Porto do Son, como entidade adherida á Rede Eusumo, e a unión de cooperativas Espazocoop, poñen en marcha unha nova acción formativa no ámbito do cooperativismo que terá lugar os días 7, 8, 9 e 10 de agosto en horario de 09.30h a 14.30h.

Baixo o título de "Elabora o teu plan de empresa cooperativo", as persoas participantes traballarán de maneira práctica os aspectos esenciais para desenvolver o seu plan de empresa cooperativo, como:

- Introdución ao plan de empresa cooperativo.
- Área comercial e de mercado.
- Área económica e financeira.
- Área organizativa e trámites de constitución.
- Etc.

Esta acción formativa, está dirixida a persoas con inquedanzas e interese no traballo cooperativo, emprendedores e público interesado en xeral. Ademais, esta actividade está incluída no catálogo de formación puntuable para obter os PERMEX de marisqueo a pé (0,40 puntos).

As persoas interesadas deben facer a súa inscrición presencialmente, do 2 ao 6 de xullo, no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar).

Porto do Son, 28 de xuño de 2018.